

Orde do 9 de xuño de 2008 pola que se autorizan as estadías formativas en empresas ou institucións destinadas ao funcionariado docente non universitario para o curso 2007-2008.

En virtude da Orde do 26 de marzo de 2008 (DOG do 3 de abril), pola que se convocan estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2007-2008 destinadas ao funcionariado docente non universitario e pola que se aproban as súas bases de concesión, e de conformidade coa proposta da comisión de selección prevista no punto sétimo da citada orde

RESOLVO:

Primeiro.-Autorizar as estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2007-2008 que figuran no anexo I desta orde.

Segundo.-Non autorizar as estadías formativas en empresas ou institucións que figuran no anexo II desta orde polas razóns que neste se indican.

Terceiro.-Informar de que as bolsas de asistencia por día que percibirán os profesores seleccionados están cofinanciadas nun 80% polo Fondo Social Europeo.

Cuarto.-Contra esta orde os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

NIF	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Concello do domicilio	Centro docente	Especialidade	Centro de traballo	Período	Duración	Mod.
33270514-W	López	Silva	Jesús	Boqueixón	IES de Valga	Soldadura	Forjasa	Xullo	1 mes	B
34924499-B	Nespereira	Rodríguez	Concepción	Santiago de Compostela	IES Lamas de Abade	Procesos de diagnóstico clínico e procedementos ortoprotésicos	Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Setembro	1 mes	A
76712663-G	Pato	Muñiz	Alberto	Ourense	CIFP A Farixa	Construcións civís e edificacións	Elsa E. Borbujo Marín	Xullo	1 mes	B
52470970-N	Carbia	Pichel	José Manuel	A Estrada	CIFP Politécnico de Santiago	Mantemento de vehículos	Compostela Móvil	21 ao 31 de xullo	11 días	B
35316908-V	Rodríguez	Sanmartín	Miguel Ángel	Santiago de Compostela	IES Coroso	Organización e proxectos sistemas enerxéticos	Rosalfrí, S.L.	Xullo 1 ao 15 (1/2 xornada)	15 días	B
33823320-A	Buíde	Díaz	José	Lugo	IES Politécnico de Lugo	Oficina de proxectos de construción	Antonio Tort-Arquitecto	Xuño e setembro (1/2 xornada)	2 meses	B
35316099-J	Cruz	Núñez	Mª Mercedes	Moaña	IES Fogar Prov. Príncipe Felipe	Procesos e produtos en artes gráficas	Grupo c/a Gráfica, S.A.	23 de xuño ao 18 de xullo	4 semanas	B
34988029-S	Fernández	Lorenzo	María Asunción	Allariz	IES García Barbón	Mantemento de vehículos	Talleres Blanco	Xullo	1 mes	B
34250138-X	Cidre	Subiela	Francisco	Verín	IES García Barbón	Mantemento de vehículos	Hnos Sánchez Pontenova, S.L.	Xullo	1 mes	B
52499285-Z	Gil	Pazos	Jorge Juan	Marín	IES de Melide	Procesos e produtos en madeira e moble	Fábrica de muebles Hnos Iglesias	Xuño e xullo 1/2 xornada	2 meses	B
76408947-A	Allegue	Torre	Francisco Xabier	Pontevedra	CIFP Someso	Organización e proxectos de fabricación mecánica	CRTVG	Setembro	1 mes	A
76402307-X	López	Bouza	Servando	Neda	IES Castro da Uz	Organización e procesos de mantemento de vehículos	Autos Ferrol, S.A.	Setembro	1 mes	B
76866411-C	Loureiro	Vázquez	F. Xabier	Portas	CIFP A Granxa	Operacións de produción agraria	Arbogal, S.L.	Xuño	1 mes	B
44453296-T	Gelpi	Fleta	David	Ourense	IES Ramón Mª Aller Ulloa	Sistemas e aplicacións informáticas	Ideit, S.L.	Xullo	1 mes	B
52931653-M	Rivas	Fernández	Silvia	Ribeira	IES de Ortigueira	Procesos e produtos en madeira e moble	Martínez Otero Contract, S.L.	Xullo	1 mes	A
34992345-F	Pascual	Vázquez	Víctor Alfredo	A Coruña	CIFP Rodolfo Ucha	Informática	José Luís Castro, S.L.	Setembro	1 mes	B
32645032-M	Pico	Galdo	Rosa Ana	Culleredo	IES Vilamarín	Cociña e pastelería	Panadería A Barcia	15 ao 30 de xullo e 1 ao 13 de setembro	1 mes	B
33821126-V	Romero	Pérez	José	Lugo	IES Politécnico de Lugo	Mecanizado e mantemento de máquinas	Vallejo, S.L.	16 de xuño ao 11 de xullo	4 semanas	B
34875069-P	Fernández	Ojea	Natividad	Salvaterra do Miño	CIFP Valentín Paz Andrade	Procesos e produtos en madeira e moble	Martínez Otero Contract, S.L.	Xullo	1 mes	A
77003479-P	Fernández	Lorenzo	Marcos	Gondomar	CIFP Valentín Paz Andrade	Procesos e produtos en madeira e moble	Martínez Otero Contract, S.L.	Xuño	1 mes	A
71695544-J	García	Miguel	Victoria	Cambre	IES Paseo das Pontes	Cociña e pastelería	Silvarredonda y Crujeiras, S.L.	25 de xuño ao 25 de xullo	1 mes	B
36075451-C	Comesaña	Fernández	Fernando	Vigo	IES Politécnico de Vigo	Mecanización e mantemento de máquinas	Comegal	Xuño	1 mes	B

ANEXO II
Non autorizadas

NIF	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Concello do domicilio	Centro docente	Especialidade	Causa de exclusión
33293681-P	Codesido	García	Juan Carlos	Ames	CPI Camiño de Santiago	Análise e química	Non estar impartindo clases de formación profesional específica, segundo se recolle no punto 2 do artigo primeiro da Orde do 26 de marzo de 2008
34935548-C	Souto	Cruz	Manuel	Barbadás	IES Universidade Laboral	Organización e procesos de mantemento de vehículos	Fóra de prazo

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 6 de xuño de 2008 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal da Xunta de Galicia.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2008 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2º da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 xullo,

RESOLVO:

Convocar os cursos de formación continua correspondentes ao segundo semestre do ano 2008 cuxas bases, características e contido son detallados nos anexos desta resolución.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2008.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I
Bases

Primeira.-Requisitos dos participantes.

Poderán participar nas accións formativas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración da Xunta de Galicia que se atopan en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos casos no anexo II. Excepción o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral, que disporá das súas propias e exclusivas convocatorias.

Toda persoa solicitante que ao inicio do curso se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

Segunda.-Acceso ás actividades, datas e lugares de realización.

Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos e as preferencias exixidas para cada curso nos anexos II e III. A participación nos cursos que teñan lugar en horario de traballo quedará condicionada á autorización das persoas responsables dos centros directivos.

Os cursos realizaranse coa duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información será actualizada e ampliada na páxina web da EGAP, <http://egap.xunta.es>.

Esta convocatoria estrutúrase en accións formativas de carácter xeral e específicas, referidas todas elas ás seguintes áreas: dirección e xerencia pública, economía e finanzas, recursos humanos, recursos materiais e tecnolóxicos, procesos de traballo, normativa e organización autonómica, específicas do sector competencial, idioma, coñecementos transversais e outros. As accións formativas de carácter xeral teñen por obxecto ofrecer un currículo básico horizontal que capacite os empregados públicos para realizar funcións e tarefas en calquera posto de traballo ao longo da súa carreira profesional. Correspóndese con funcións, coñecementos e habilidades que son xenéricas e constitúen as bases da organización e o funcionamento da Administración. As accións formativas específicas comprenden o conxunto de actividades formativas cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo que se desempeña e que inclúen contidos basicamente sectoriais que afectan competencias específicas.

Terceira.-Solicitudes.

A) O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP <http://egap.xunta.es>, de acordo co disposto na base 4ª desta resolución, non sendo admisibles outros modelos de solicitude. Faise recomendable facilitar conta de correo electrónico e teléfono móbil para lles enviar mensaxes aos candidatos.

B) A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso durante o prazo dun ano computado desde o momento en que se detecte o feito.

C) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo do alumnado, non se axusten ao formulario de solicitude oficialmente establecido ou sexan presentadas fóra de prazo.

D) As persoas solicitantes de cursos de teleformación deberán dispor dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

-Ordenador con conexión á internet.